

RESOLUCIÓN REITORAL DE 24 DE XANEIRO DE 2006 POLA QUE A UNIVERSIDADE DE VIGO, EN COLABORACIÓN CON CAIXANOVA, FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DA CÁTEDRA CAIXANOVA DE ESTUDOS FEMINISTAS.

A Universidade de Vigo fai pública unha convocatoria de axudas ao financiamento de Proxectos de Investigación realizados por grupos de investigación dos Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra durante o período comprendido entre a data de resolución de concesión e decembro do 2007, co obxectivo de promover e potenciar a formación de grupos de investigación de carácter interdisciplinar en estudos feministas e/ou estudos de xénero.

OBXECTIVOS:

Promocionar e subvencionar a realización de Proxectos de Investigación. Os proxectos que se presenten poderán versar sobre a investigación de forma xenérica sobre temas e perspectivas epistemolóxicas e metodolóxicas feministas en calquera das titulacións impartidas nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra ou concretarse nos seguintes temas:

➤ *Determinación e análise das posibles causas de discriminación feminina:*

- Aspectos culturais que determinan a problemática xenérica das mulleres.
- Tendencia que seguen os condicionantes ao verdadeiro desenvolvemento igualitario da muller, o seu diferente nivel de incidencia, así como o seu grao e ritmo de corrección.

➤ *Prantexamentos teóricos de posibles solucións alternativas ás barreiras sociais á integración da muller, con especial fincapé en temas referentes a:*

- Incremento da formación cultural e da cualificación profesional media da muller.
- Fomento do emprego feminino:
 - Prantexamento de respostas prácticas ás tradicionais reticencias á contratación feminina.
 - Vías de incentivo e axuda ao autoemprego.

- Incremento da presenza da muller en roles de liderazgo social (promoción da actividade pública: asociacións, medios de comunicación, participación política ...)
- Deseño de fórmulas de ocio, acordes co ritmo de vida actual e axustadas a cada ámbito, para as mulleres e o seu entorno de convivencia.
- Reprantexamento do papel da muller na familia:
 - Compatibilidade de obxectivos persoais (profesionais, sociais, culturais, ...) e familiares.
 - Cambio de mentalidade na toma de responsabilidades familiares: coparticipación nas tarefas do fogar e de atención ás persoas ao seu cargo, ben sexan nenos ou anciáns.
 - Valoración do traballo non monetarizado e fórmulas de cobertura social para aquelas mulleres que traballan no fogar.
- Promoción da efectiva incorporación da perspectiva feminina na cultura xeral da nosa sociedade.

SOLICITANTES:

Grupos de investigación rexistrados na Oficina de I+D que contén cun/ha profesor/a numerario/a doutor/a a tempo completo como investigador/a principal.

- Grupos que contén cun/ha investigador/a Doutor/a contratado a tempo completo na Universidade de Vigo como investigador/a principal

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES:

As solicitudes formuladas polo/a investigador/a principal do grupo de investigación dirixíranse á Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas achegando os seguintes documentos:

- Solicitud de subvención na forma que establece o formulario normalizado PI 06.
- Memoria do Proxecto de Investigación.
- Curriculum vitae de tódolos integrantes do grupo que participen no proxecto.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Esta convocatoria permanecerá aberta ata as 14 horas do 24 de febreiro de 2006.

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

As solicitudes poden presentarse no Rexistro Xeral da Universidade (Reitoría, Campus Universitario de Vigo) e nos rexistros auxiliares de Vigo (Reitoría, Rúa Areal 46), do Campus U. de Ourense (Edificio Administrativo) e do Campus U. de Pontevedra (Facultade de CC. Sociais e da Comunicación).

AVALIACIÓN E SELECCIÓN:

A Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas. De ser necesario pedirase informe a expertas/os externas/os. Efectuada a valoración, a Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas, a través da Vicerreitoría de Relacións Institucionais publicará nos taboleiros dos diferentes rexistros da Universidade de Vigo a lista provisional de axudas aprobadas e denegadas, para que no prazo de dez días hábiles se presenten as reclamacións oportunas. Transcorrido este prazo, a Comisión elevará, a través da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, unha proposta definitiva de resolución.

O non axustarse á convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, será causa de desestimación da solicitude.

NATUREZA E CONTÍA DAS SUBVENCIONES:

As axudas que se conceden nesta convocatoria deben de considerarse destinadas a financiar a investigación do grupo no período de tempo comprendido entre a data da resolución de concesión e decembro de 2007, independentemente de que a programación das investigadoras/es sexa anual ou plurianual. Por iso o importe da subvención librarase nunha única anualidade.

A concesión da axuda durante este período non implica ningún compromiso por parte da Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas no mantemento da axuda para anos posteriores, no caso de que un determinado proxecto teña unha programación plurianual.

A contía das subvencións determinarase pola Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas segundo a clase de investigación, sendo como máximo de 6.000.-€ anuais.

As subvencións concedidas deberanse referir exclusivamente a algúns dos seguintes conceptos:

- Equipamento científico-técnico.
- Outros gastos xustificadas (axudas de custo, viaxes, funxibles, colaboracións externas,...)

SEGUIMIENTO:

A Comisión da Cátedra de Caixanova de Estudos Feministas, poderá utilizar todos os procedementos que considere necesarios para seguir o desenvolvemento do proxecto e o investimento das cantidades achegadas. No prazo de dous meses contados a partir de rematar o prazo de aplicación da subvención, o/a investigador/a principal do proxecto deberá presentar perante a Comisión un informe final, segundo o formulario normalizado, no que se recollan todos os resultados da investigación realizada.

PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS:

A publicación dos resultados realizarase de mutuo acordo entre os/as autores/as e a Cátedra Caixanova de Estudos Feministas, no caso de facelos públicos, deberán facer constar a axuda recibida da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas como entidade financeira así como o número de referencia do proxecto financiado.

A Cátedra non se fai responsable das opinións dos/as responsables dos proxectos de investigación financiados.

INCIDENCIAS:

O incumprimento dos compromisos adquiridos de acordo cos termos do proxecto presentado e as bases da presente convocatoria, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada poderá dar lugar á suspensión da axuda concedida e á reclamación das cantidades achegadas.

O Vicerreitor de Relación Institucionais
Por Delegación (R.R. 15.05.03)

Fco. Xavier Martínez Cobas

DILIXENCIA para facer constar que esta
Resolución publícase con esta data nos
Rexistros desta Universidade.
Vigo, 24 de xaneiro de 2006
A secretaria do Vicerreitor de
Relacións Institucionais

María José Ríos Santomé